

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 17, 11b-19

Naquel tempo, levantando os ollos ó ceo, Xesús orou dicindo:

– «Pai santo, coida ti mesmo dos que me entregaches, para que sexan un coma nós.

Cando eu estaba con eles, coidábaos no teu lugar. Ti entregáchesmos; eu agarimeinos, e ningún deles se perdeu, fóra do fillo da perdición, de xeito que se cumprise a Escritura.

Mais agora estou indo a ti, e falo estas cousas no mundo, para que eles teñan a plenitude do meu gozo.

Eu deilles a túa palabra, e o mundo aborreceunos, pois eles non son do mundo, como tampouco eu non son de mundo.

Non che pido que os tires do mundo, senón que os gardes do malo. Eles non son do mundo, como eu tampouco non son do mundo.

Conságraos na verdade: a túa palabra é verdade.

Coma ti me mandaches ó mundo, así os mando eu a eles; e por eles conságrome eu, para que tamén eles sexan consagrados na verdade.»